



## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA.**

### **ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

A presente ordenanza aprobase en base ao establecido nos artigos 133 e 142 da Constitución Española, no artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 15 a 19, 20 e 27 a 57 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.<sup>1</sup>**

Constitúe o feito impoñible a prestación do servizo público ou a realización da actividade administrativa de competencia local que afecte ou beneficie de xeito particular aos suxeitos pasivos, consistentes en:

#### **A. Tramitación de procedementos e emisións de informes ou certificados a instancia de parte:**

A.1) Tramitación dos procedementos para a concesión de licenzas administrativas, procedementos medio ambientais (incidencias, avaliación, impacto ou autorización medio ambiental integrada).

A.2) Tramitación de procedementos de declaración de ruina.

A.3) Emisión de informes urbanísticos e medio ambientais, certificacións urbanísticas ou cédulas urbanísticas.

A.4) A realización de actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

A.5) A actividade administrativa das declaracións de fóra de ordenación.

A.6) Calquera outros informes urbanísticos ou medio ambientais, non comprendidos nos apartados anteriores.

---

<sup>1</sup> Os puntos A.7 e A.8 do artigo 2 foron engadidos por acordo do Pleno do 25 de abril do 2018.



## **CONCELLO DO CORGO.**

### *ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA.*

A.7) Comprobacións topográficas como consecuencia de verificación de superficies, realizados en expedientes de dominio, de subsanación de discrepancias catastrais ou procedentes da concesión de licenzas.

A.8) A actividade administrativa realizada para a declaración da situación xurídica en que se atopan as edificacións, construcións e obras, por mor da inscrición destas no Rexistro da Propiedade, ao abeiro do establecido no Art. 27.4 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

**B. A actividade administrativa xerada pola expedición de fotocopias ou copias simples ou certificadas de documentos que obran nas dependencias municipais, solicitadas polos interesados.**

Entenderase que a actividade administrativa ou servizo afecta ou se refire ao suxeito pasivo cando fose motivado directa ou indirectamente por este en razón de que as súas actuacións ou omisións obriguen ás entidades locais a realizar de oficio actividades ou a prestar servizos por razóns de seguridade, salubridade, de abastecemento da poboación ou de orde urbanística, ou calesquera outras.

**C. A solicitude de participación en procedementos selectivos de empregados públicos convocados por este Concello.**<sup>2</sup>

### **ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS.**

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria ( en diante LXT) que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades locais que presten ou realicen as entidades locais.

No suposto de procedementos de declaración de ruina será suxeito pasivo o propietario da edificación afectada.

---

<sup>2</sup> Engádese o apartado C ) ao artigo 2, por acordo do Pleno do 27 de setembro do 2013, publicada no BOP nº 273 do 28 de novembro do 2013.



## **CONCELLO DO CORGO.**

### *ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA.*

No suposto da declaración da situación xurídica derivada das inscricións no Rexistro da Propiedade de construcións, edificacións e instalación, respecto das non procede adoptar medidas de restauración urbanística, será suxeito pasivo o promotor da inscrición a cuio nome se inscribe. No caso de inscribirse a nome de varias persoas, o concello poderá dirixirse a calquera de eles polo importe total.<sup>3</sup>

Terán a condición de substitutos do contribuínte:

- a) Nas taxas establecidas por razón de servizos ou actividades que beneficien ou afecten aos ocupantes de vivendas ou locais, os propietarios de ditos inmobles, en quen poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.
- b) Nas taxas establecidas polo outorgamento das licenzas urbanísticas previstas na normativa sobre solo e ordenación urbana, os constructores e contratistas de obras.
- c) Nas taxas establecidas pola prestación de servizos, de prevención de ruínas, construción e derrubos e, en xeral, de protección de persoas e bens, comprendéndose tamén o mantemento do servizo, as entidades ou sociedades aseguradoras do risco.

Non están suxeitas a esta taxa as actividades administrativas xeradas a petición dos membros da Corporación no exercicio das súas funcións como concelleiros.

## **ARTIGO 4. RESPONSABLES.**

1. Considérase como deudores principais os seguintes obrigados tributarios: as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que a normativa tributaria impón o cumprimento das obrigas tributarias.
2. Aos efectos desta ordenanza, son obrigados tributarios:
  - a) Os contribuíntes.
  - b) Os substitutos dos contribuíntes.
  - c) Os beneficiarios de supostos de exención, devolución ou bonificacións cando non teñan a condición de suxeito pasivo.

---

<sup>3</sup> Este parágrafo foi introducido por acordo do Pleno do 25 de abril do 2018.



## CONCELLO DO CORGO.

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA.

Tamén terán carácter de obrigados tributarios aqueles a quen a normativa tributaria impón o cumprimento de obrigas tributarias formais.

Así mesmo, terán tal consideración as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou patrimonio separado susceptible de imposición.

#### 3. A responsabilidade dese tributo é subsidiaria.

Son responsables subsidiarios da débeda tributaria derivada da aplicación desta taxa as persoas ou entidades que establece o artigo 43 da LXT.

### ARTIGO 5. EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se contemplan exencións, reducións nin bonificacións.

### ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA<sup>(4)</sup>

A cota tributaria consistirá nunha tarifa fixa que a continuación se expresa:

a) Cota tributaria pola tramitación de procedementos e emisións de informes ou certificados:

a.1) Tramitación de procedementos de licenza de obra maior.....	40€
a.2) Tramitación de procedementos de licenza de obra menor.....	20€
a.3) Tramitación de procedementos de declaración de ruina.....	40€
a.4) Tramitación de procedementos de licenza de ocupación .....	20€
a.5) Tramitación de procedementos de licenzas urbanísticas (segregación).....	20€
a.6) Tramitación dos procedementos ambientais (incidencia, avaliación, impacto e autorización ambiental integrada), e a emisión dos correspondentes informes municipais.....	40€
a.7) Actividade de comprobación nos supostos de declaración responsable de comunicación previa.....	20€

<sup>4</sup> Coa modificación que aproba o Pleno do 27 de setembro do 2013, publicada no BOP nº 273 do 28 de novembro do 2013, no seu punto segundo, introdúcese dous novos apartados en canto ás cotas tributarias: o a.12) e a.13).

Os apartados a.14) e a.15) engadíranse por acordo do Pleno do 25 de abril do 2018.



**CONCELLO DO CORGO.**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA.**

- a.8) Emisión de informes urbanísticos non comprendidos nos procedementos  
antes citados.....20€
- a.9) Declaracións de fóra de ordenación.....20€
- a.10) Informes ou certificados de clasificación do solo.....20€
- a.11) Publicación de edictos en diarios oficiais e xornais..... Custo real.
- a.12) A solicitude de prórroga de licenzas urbanísticas e medioambientais.....20€
- a.13) Tramitación de procedementos para a transmisión de licenzas de taxi  
e outros vehículos de aluguer con conductor..... 20€
- a.14) Informes, levantamentos topográficos realizados como consecuencia  
de verificación de superficies, realizados en expedientes de dominio ,  
de subsanación de discrepancias catastrais ou procedentes da concesión  
de licenzas..... 300€
- a.15) A actividade administrativa realizada para a declaración da situación  
xurídica en que se atopan as edificacións, construción e obras, por mor  
da inscrición destas no Rexistro da Propiedade ao abeiro do establecido  
no Art. 27.4 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que  
se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.....20€
- b) Cota tributaria pola expedición de fotocopias ou copias simples ou certificadas  
de documentos que obran nas dependencias municipais, solicitadas polos  
interesados.
- b.1) Pola copia de expedientes cunha antigüidade inferior a 5 anos: 20 € no  
suposto de que se realice sen autenticar ou compulsar, e 25€ no caso de  
que se expida compulsada ou autenticada.
- b.2) Por expedientes cunha antigüidade superior a 5 anos: 40€ sen compulsar ou  
autenticar, e 45 € se son compulsados ou autenticados.
- b.3) Por cada documento administrativo certificado, autenticado ou  
compulsado: 1,80 €, e se é inferior a 5 anos; 3,60 € se é de antigüidade  
superior.
- b.4) Por cada fotocopia simple dun documento concreto, 0,90 €, se é inferior a 5  
anos, e 1,80 € se é de antigüidade superior.



## CONCELLO DO CORGO.

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA.

b.5) No suposto de que a solicitude exceda de 10 fotocopias aplicarase a tarifa das letras b.1) e b.2)

b.6) Se a copia se realizase en soporte dixital engadiránse ás tarifas anteriores 0,60 €.

Ás tarifas anteriores engadiránse 10 € en concepto de búsqueda de datos se se trata de documentos cunha antigüidade superior a 5 anos, e 5 € se a antigüidade é inferior a 5 anos.

Certificacións de empadramento (vixentes)	1,80€
Certificacións de padróns anteriores.	3,00€
Certificacións de convivencia e residencia	1,80€
Outras certificacións referidas a censos de poboación.	3,00€
Certificacións de documentos ou acordos municipais	3,00€
Demais certificacións	3,00€
Compulsas, agás en asuntos agropecuarios para explotacións situadas neste término municipal. <sup>(5)</sup>	0,60 €

C) Pola solicitude de participación en procedementos selectivos de empregados públicos, convocados por este Concello : 15 €<sup>(6)</sup>

## ARTIGO 7. DEVENGO.

A taxa devéngase no momento en que se presente a solicitude que inicia a actuación, procedemento ou o expediente, que non se realizará ou tramitará sen que se efectuase o pago correspondente.

## ARTIGO 8. RÉXIME DE DECLARACIÓN DE INGRESO.<sup>(7)</sup>

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación en modelo facilitado polo Concello. Esta autoliquidación deberá acompañar á solicitude do interesado, xunto coa acreditación do seu ingreso na conta bancaria da Tesourería municipal que se sinale.

---

(5) Por acordo do Pleno do 27 de setembro do 2013, publicada no BOP nº 273 do 28 de novembro do 2013, no seu cuarto apartado, contéplase que a derradeira liña do artigo 6 sexa ampliada, pasando a indicar explicitamente, ás explotacións agropecuarias do Concello do Corgo.

(6) O apartado C) é introducido por acordo do Pleno do 27 de setembro do 2013, publicada no BOP nº 273 do 28 de novembro do 2013, no terceiro punto do texto da modificación.

(7) A redacción do artigo 8 foi modificada por acordo do Pleno do 27 de setembro do 2013, publicado no BOP nº 273, do 28 de novembro do 2013, no seu quinto apartado, quedando deste xeito.



## **CONCELLO DO CORGO.**

### *ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA.*

En caso contrario, o concello requerirá para que aporte a referida acreditación nun prazo de 10 días, con indicación de que, se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

#### **Art.9.- TARIFA ESPECIAL<sup>8</sup>**

Establécese unha tarifa de 20 € pola tramitación de solicitudes de licenzas de obra e de verificación a posteriori de comunicación previa.

Establécese unha tarifa de 20 € pola tramitación de procedementos administrativos derivados de solicitudes de licenza de obra e de comunicación previa derivados de solicitudes de autónomos ou empresas que teñan por obxecto a implantación ou ampliación no término municipal, de establecementos empresariais que conleven a creación de novos postos de traballo indefinidos, cando o código CNAE da actividade económica estea incluído no eido da industria 4.0 ou Ris 3.

Dado o importe reducido da cota tributaria non se establecerán sobre a mesma ningún tipo de bonificación.

O suxeito pasivo deberá acreditar a creación do emprego nos mesmos términos en que se regula na ordenanza fiscal do IBI deste concello.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Queda derogada a anterior ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación do seu texto íntegro no BOP de Lugo, producindo efectos desde ese momento.

---

<sup>8</sup> Artigo 9 introducido por acordo do Pleno do 25 de abril do 2018. A presente modificación entrará en vigor e producirá efectos ao día seguinte da súa publicación no BOP de Lugo.